

Rúbrica para coavaliación do alumnado

Ítem	Excelente (4)	Moi ben (3)	Ben (2)	Necesita mellorar (1)
Presentación	A presentación está clara, ben estruturada e inclúe información completa sobre a persoa: nome completo, data e lugar de nacemento e profesión de forma detallada. (2,5)	A presentación inclúe os aspectos principais: nome, data e lugar de nacemento e profesión, pero de forma resumida. (1,75)	A presentación menciona algúns aspectos básicos, pero falta información clave ou é pouco clara. (1,50)	A presentación é incompleta ou confusa, sen datos importantes e ou relevantes sobre a persoa en cuestión. (1,25)
Desenvolvemento da vida	O desenvolvemento da vida está detallado, ben estruturado e segue unha orde cronolóxica clara. Inclúe experiencias, traballos e descubrimentos. (2,5)	O desenvolvemento da vida é claro e está estruturado, aínda que algúns aspectos poden ser máis concretos. (1,75)	O desenvolvemento da vida está algo desorganizado ou superficial. Fáltanlle detalles importantes sobre estudos, traballos ou descubrimentos. (1,50)	O desenvolvemento da vida está desorganizado, incompleto ou moi xeral. Non se inclúen experiencias ou logros clave. (1,25)
Conclusión	A conclusión está ben elaborada, reflectindo de maneira clara e precisa o legado e logros da persoa, así como a súa importancia histórica ou social. (2,5)	A conclusión reflicte o legado, aínda que algúns aspectos son tan só mencionados de xeito moi superficial. (1,75)	A conclusión está presente, pero de maneira xeral ou pouco detallada. Fáltanlle algúns elementos clave sobre o legado ou a súa importancia. (1,50)	A conclusión é insuficiente e non reflicte o legado ou os logros da persoa. (1,25)
Coherencia e cohesión	O texto está perfectamente organizado, fluído e sen erros ortográficos ou gramaticais. As ideas están ben conectadas e o estilo é axeitado. (2,5)	O texto está claro e ben organizado, con algúns pequenos erros ortográficos ou gramaticais. As ideas están ben conectadas. (1,75)	O texto ten algúns erros ortográficos ou gramaticais que dificultan a comprensión. A estrutura non sempre é clara. (1,50)	O texto ten moitos erros ortográficos ou gramaticais que dificultan a comprensión. A estrutura é desordenada e confusa. (1,25)